



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2025-6

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

28 de Marzo de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

11:04

Hora de Finalización

11:11

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
LUCIA GIL CID  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 17.03.2025 (ACTA 2025/5)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. PROXECTO DA OBRA CHAMADA "REPOSICION DE PAVIMENTO EN RUAS DE VEIGA DE NOSTRE, ACORDOS QUE PROCEDAN.

A seguir dase conta aos presentes do proxecto técnico da obra chamada "**Reposición de pavimento en rúas en Veiga de Nostre**", de data **febreiro de 2025**, que redactou o arquitecto **Juan Carlos Mangana Losada**, colexiado núm. 2172 do COAG e que conta cun orzamento base de licitación de **40.000,00 euros**; e cun prazo de execución de **3 meses**.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto técnico que se dixo, da obra chamada "**Reposición de pavimento en rúas en Veiga de Nostre**", de data **febreiro de 2025**, que redactou o arquitecto **Juan Carlos Mangana Losada**, colexiado núm. 2172 do COAG e que conta cun orzamento base de licitación de **40.000,00 euros**; e cun prazo de execución de **3 meses**., nos termos nos que se atopa redactado.

**SEGUNDO.** Nomear director facultativo da obra ao redactor do devandito proxecto técnico; o arquitecto **Juan Carlos Mangana Losada**, colexiada núm. 2172 do COAG; e coordinador de seguridade e saúde das mesmas a **Juan Carlos Mngana Losada**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**TERCEIRO.** Facer constar expresamente que a obra non incorre en alteración, ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente e, en todo caso, constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral.

**CUARTO.** Facer constar expresamente que a actuación prevista é conforme coa normativa urbanística e sectorial de aplicación e que o concello dispón ou disporá, chegado o momento, de tódalas autorizacións necesarias para a súa execución.

**QUINTO.** Expoñer ao público o proxecto a efectos de reclamacións por posibles interesados.

### **3º. CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEGAMP PARA O PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE A AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025. ACORDOS QUE PROCEDAN**

O Sr. Alcalde iniciou o tratamento deste asunto explicando que con data 10 de outubro de 2017 a **Xunta** de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (**FEGAMP**) asinaron un "**Convenio** para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do **programa galego de vixilancia e control fronte á** **avespa asiática (vespa velutina)** no ano **2025**".

Na cláusula terceira de dito documento establécese o procedemento para a adhesión ao Convenio por parte dos concellos galegos.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros, ao considerar conveniente para os intereses municipais a adhesión ao devandito concenio de colaboración, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a adhesión do Concello de Castrelo do Val ao **Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á** **avespa asiática (vespa velutina)** no ano **2025**

**SEGUNDO:** Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos precisos para a execución deste acordo.

**TERCEIRO:** Notificar o acordo á Fegamp.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

